

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 22 DE XUÑO DE 2026

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e dous de xuño de dous mil vinte e seis, baixo a presidencia da Excm. Sra. alcaldesa, Sra. D.^a MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ reúnen, por medios presenciais, os concelleiros e concelleiras: D. ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, D. RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ, D.^a MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO, D. JAVIER VÁZQUEZ PRADO, D.^a FLORA RUBINOS ROIS, D.^a SILVIA COLMENERO GUZMÁN, D. AGUSTÍN GALLEGO VIGO, DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY e a concelleira non adscrita D.^a MARÍA REIGOSA CASTRO. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Javier Vázquez Prado, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA, MEDIO AMBIENTE, XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS HUMANOS, SEGURIDADE, DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

1. PERSOAL.- Acórdase aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 2 prazas de administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (OPE 2024).

ÁREA DE GOBERNO DE ECONOMÍA, PARTICIPACIÓN, SERVIZOS Á VECIÑANZA E BENESTAR ANIMAL

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación do prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares na contratación do servizo de reparación, conservación, mantemento integral e consumibles da maquinaria existente no servizo municipal do Cemiterio, así como do gasto e apertura do procedemento aberto simplificado abreviado. Exp. ref. 2026/C003/000018.

Tamén se acorda a aprobación do prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares na contratación da renovación de licenzas e mantemento do Firewall de aplicacións web do Concello de Lugo, así como do gasto e apertura do procedemento aberto simplificado. Exp. ref. 2026/C004/000012.

3. FACENDA LOCAL.- Acórdase aprobar o recurso de reposición alegando disconformidade coa valoración do expediente 2022/Y001/000217.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac3036528934241529048.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-6-2026

**ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES,
INFANCIA E XUVENTUDE**

4. CULTURA E PROMOCIÓN DA LINGUA.- Acórdase a aprobación das bases do XXVI Certame de pintura rápida ao aire libre "Cidade de Lugo" 2026.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Cultura, Educación, Deportes, Infancia e Xuventude e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Javier Vázquez Prado.